

«CONVOCATORIA PROXECTOS ESTRATÉXICOS ORIENTADOS Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E Á TRANSICIÓN DIXITAL» 2021

02

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

Subprograma Estatal de Xeración de
Coñecemento

Finalidade das axudas

Fomentar as actividades de I+D+i co fin de incrementar a competitividade e liderado internacional da ciencia e a tecnoloxía españolas a través da xeración de coñecemento científico, mediante unha **investigación de calidade orientada á transición ecolóxica e á transición dixital**.

Actividades que se financian

Proxectos de transición ecolóxica (dirixidos a aspectos como a economía circular e a mellora da resiliencia de tódolos sectores económicos, entre outros)

Proxectos de transición dixital (orientados á xeración de coñecemento científico, ó desenvolvemento de tecnoloxías, a modernización da Administración Pública, a ciberseguridade ou a nova economía dos coidados, entre outros).

Para elo será preciso usar tecnoloxías dixitais disruptivas, e poñer no centro do proceso ás persoas e os seus dereitos dixitais.

Non se financiarán actuacións que directa ou indirectamente ocasionen un perxuízo significativo ao medio ambiente (DNSH). Para estes efectos, o órgano instructor recabará os informes que correspondan co fin de verificar o cumprimento do «principio DNSH».

03

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento


Entidades Beneficiarias



Organismos Públicos de Investigación definidos artº 47 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación



Entidades e Institucións Sanitarias públicas e privadas vinculadas ou concertadas co Sistema Nacional de Saúde, que desenvolven actividades de I+D+i



Institutos de Investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria e normas complementarias.



Universidades, Centros Tecnolóxicos, Outros Centros públicos e privados que teñan a I+D+i como actividade principal.

Novidades da Convocatoria

A avaliación das solicitudes realizarase en 2 fases (a documentación requirida para ambas fases deberase presentar na solicitude).

Duración e prazos de execución dos proxectos

A duración dos proxectos será de 2 anos.
O prazo de execución dos proxectos especificarase na resolución de concesión, e, en todo caso, a data de comezo non será anterior ao 01/01/2022

04

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

Subprograma Estatal de Xeración de
Coñecemento

Tipos de proxectos:

Proxectos Tipo A: liderados por xóvenes investigadores con contribucións científico-técnicas relevantes e innovadoras, que non teñan sido previamente IP de proxectos de máis dun ano de duración e con data do grao de doutor entre 01/01/2011 e 31/12/2018 (ampliable por situacións descritas no art. 37)

Proxectos Tipo B: liderados por un/unha ou dous IPs con unha traxectoria investigadora consolidada e que cumpran cos requisitos que establece o art. 37.2)

Formas de execución dos proxectos:

Os proxectos poderán realizarse de **forma individual**, con un/unha ou dous IP e un equipo de investigación, ou de **forma coordinada**, con varios subproxectos, cada un deles con un/unha ou dúas IP e un equipo de investigación.

Un **Proxecto coordinado** é unha proposta de investigación que poden presentar de dous a seis subproxectos, un dos cales será o subproxecto coordinador, que estará liderado por o/a IP coordinador/a que será a persoa responsable da investigación, do seu seguimento e da coordinación científica.


Nos proxectos coordinados débese xustificar a necesidade da coordinación na memoria científico-técnica. Aos efectos de xestión, cada subproxecto funciona como un proxecto individual. O que os une é a coordinación científica e área temática de xestión.

05




PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

**Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento**

Requisitos do Investigador Principal

-  Grao de Doutor (título anterior ao 1 de xaneiro de 2019)
-  Vinculación funcionarial, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos para ser entidade solicitante dende o remate do prazo de presentación de solicitudes ata a data final do período de execución do proxecto.
-  Só pode participar nunha solicitude.

Requisitos do Equipo de Investigación

-  Grao de Doutor ou titulación universitaria de licenciatura, enxeñería, arquitectura ou grao
-  Vinculación funcionarial, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou coa outra entidade que cumpra os requisitos para ser entidade solicitante dende o remate do prazo de presentación de solicitudes ata a data final do período de execución do proxecto.
-  Poderáse figurar como persoal do equipo de investigación nun máximo de 2 solicitudes desta convocatoria.

06

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento

Requisitos do Equipo de Trabajo

- Formado por aquelas persoas que participen na execución do proxecto e que non figuren como IP nin como persoal do equipo de investigación.
- Non poderán figurar no equipo de traballo aquelas persoas que teñan unha relación funcional, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos previstos para ser entidade solicitante.

Réxime de participación e compatibilidade

- Si se figura como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria, **NON SE PODERÁ FIGURAR** nin como IP nin como Persoal do equipo de investigación ou do equipo de traballo **NOUTRA SOLICITUDE** desta convocatoria.
- NON HABERÁ INCOMPATIBILIDADE** coa participación en proxectos que teñan obtido financiación de convocatorias de proxectos dos Plans Estatales de Investigación Científica e Técnica e de Innovación, do VII Programa Marco de I+D+i, dos Programas Marco de I+D+i Horizonte 2020 e Horizonte Europa ou de iniciativas de Programación Conxunta do Espazo Europeo de Investigación, dos Plans Rexionais de I+D+i das CCAA, ou de calquera outra convocatoria, sempre e cando se respete o límite máximo de horas/ano para cada categoría profesional establecido.

07

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E SÚA TRANSFERENCIA

**Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento**

Conceptos financiáveis



Custes de persoal : gastos de persoal, que deberá estar dedicado exclusivamente ao proxecto.

Non serán imputables como custes de persoal:

- Os gastos de contratación do/da IP ou dos membros do equipo de investigación.
- As Bolsas de formación.
- Os gastos derivados de contratos que estean subvencionados por outras convocatorias.
- O custe adicional non cuberto por axudas á contratación obtidas noutras convocatorias públicas.



Custes de mobilidade e formación do personal asociado ao proxecto financiado



Custes de adquisición, aluguer, arrendamento financeiro (leasing), mantemento, reparación de activos materiais, como instrumental, equipamento.



Custes de solicitude de dereitos de propiedade industrial e intelectual xerados no proxecto e outros custes derivados do seu mantemento.

Non se consideran gastos subvencionables o IVE e outros impostos indirectos análogos, tales como o IGIC ou o IPSI.

08

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

**Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento**

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Os/as IP e o/a Representante Legal (RL) da entidade solicitante deberán estar inscritos/as no RUS (Rexistro Unificado de Solicitantes)
- O/a RL da entidade solicitante debe dispoñer dun certificado dixital válido.
- As solicitudes presentaránse electrónicamente a través da aplicación telemática de solicitude.
- Na presentación de solicitudes de proxectos coordinados, cada IP deberá presentar a solicitude do seu subproxecto.
- Límite do número de páxinas da proposta científico-técnica resumida, da memoria científico-técnica e dos CVA na aplicación de solicitude, debendo manterse en tódolos casos o formato esixido na convocatoria:

Nun proxecto individual: proposta científico-técnica resumida de 3 páxinas, memoria científico-técnica de 20 páxinas e CVA de 4 páxinas.

Nun proxecto coordinado: proposta científico-técnica resumida de 3 páxinas, memoria científico-técnica de 35 páxinas e CVA de 4 páxinas.

09

PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA

**Subprograma Estatal de Xeración
de Coñecemento**

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitude é **ÚNICO**

ABERTO dende o **16 de decembro de 2021** ata o **19 xaneiro de 2022** áss **14.00h**

Enlaces de Interés

- «Proyectos Estratégicos Orientados a la Transición Ecológica y a la Transición Digital» 2021 - Agencia Estatal de Investigación (es) (aei.gob.es)
- [anexo_firmas_participantes.docx](#) (live.com)